

The image shows two professional microphones on stands in the foreground, positioned on a wooden desk. The background is a blurred classroom with students at desks, a bookshelf, and a Union Jack flag on the wall. The text is overlaid on the center of the image.

FAGAMOS UN PROGRAMA DE RADIO!  
(PASO A PASO)

[WWW.LABORATORIODERADIO.COM](http://WWW.LABORATORIODERADIO.COM)

# SELECCIÓN PASO 1

**Reunión de contidos e pauta.**

**Propoñer os contidos que formarán parte do voso programa.**

**Cómpre argumentar por que propoñemos os contidos e suxerir enfoques para cada un deles.**

FOMENTAMOS...

**ESPÍRITO CRÍTICO  
E  
ARGUMENTACIÓN**

**CAPACIDADE  
DE DECISIÓN**

**TRABALLO  
COOPERATIVO**

# EDICIÓN

## PASO 2

**Elixir editor/a: persona que terá a función de valorar a importancia dos temas; a orde, o tratamento (importancia, proximidade, actualidade, etc.). Editor/a asignará tarefas dentro do grupo. A persoa editora presenta o programa e fai un editorial.**

FOMENTAMOS...

**TOMA DE  
DECISIONS**

**ESTRUTURAR A  
INFORMACIÓN**

**XESTIONAR UN  
EQUIPO**

# REDACCIÓN PASO 3

**Cada persona do grupo terá que redactar a súa parte do programa. Dependendo do contido, podemos optar polos diferentes xéneros: nova, reportaxe, entrevista, crónica.**

FOMENTAMOS...

**COMPETENCIAS  
ESCRITAS**

**PROCURA DE  
INFORMACIÓN**

**CREATIVIDADE**

# CONSELLOS DE REDACCIÓN

**Cando teñamos decidido o xénero máis axeitado para tratar o contido elixido, temos que empregar:**

**VOCABULARIO  
DOADO**

**ORACIÓNS  
SINXELAS**

**CIFRAS  
REDONDAS**

# GUIÓN PASO 4

**O guión contará, por unha banda, co texto do equipo de redacción e a persoa editora do programa e, por outra, coas indicacións técnicas (sintonías, ráfagas, cortes de voz, efectos de son, etc.).**

FOMENTAMOS...

**DISCURSO  
SONORO**

**COMPETENCIAS  
LECTORAS**

**ADQUISICIÓN  
RESPONSABILIDADE**

# EXEMPLO DE GUIÓN

## CONTROL: 1 CARETA

ADRIÁN: Boas tardes, benvidos, benvidas

ADRIÁN, CRIS: Como está o Panorama.

CRIS: Ao micro Cris

ADRIÁN: E Adrián.

CRIS: E xunto con outros mozos e mozas aliámonos coa diversidade.

ADRIÁN: Tratando temas como a igualdade, as orquestras, o deporte inclusivo e moitas outras sorpresas que iremos desvelando ao longo do programa.

CRIS: Con Sergio e Lucía aos mandos da técnica para que nada falle. ADRIÁN: Comezamos!!!!

## CONTROL:2 SINTONÍA

REPORTAXE AxD

ADRIÁN: Arrancamos cunha reportaxe sobre un proxecto moi interesante que aborda o tema da diversidade.

CRIS: Para isto as nosas compañeiras Noa e Alba preséntannos o proxecto “Alianza pola diversidade”.

NOA: “Alianza pola diversidade” é un movemento internacional de loita contra a discriminación sendo o IES Eduardo Pondal o único centro de Galicia onde este proxecto está implantado.

ALBA: Para coñecer algo máis sobre este programa estivemos con varios dos seus protagonistas.

NOA: **Empecemos por saber quen forma parte de “Alianza pola diversidade”?**

## CONTROL: 3 CORTE QUEN FORMA AXDO

# DAR PASO A UN CORTE OU REDACTOR/A

Cando damos **paso a un compañeiro/a** temos que anticipar o contido do que nos falará sen redundar.

Por tanto, a persoa editora deberá:

- falar co/a compañeirx para saber como vai comezar a info
- mencionar o nome e apelido do/a compañeirx

En canto aos **cortes**...

- escoitar o(s) corte(s) que vai empregar na súa intervención
- incorporalo ao seu discurso sen redundar
- mencionar o nome da persoa e o cargo
- non rematamos a nosa intervención cun corte.

Sempre "hai que recoller".



# EDITOR-A

**O traballo da persoa editora, ademais de facer o editorial e dar paso a cada locutor/a, é ordenar tódolos contidos, preparar o saúdo inicial do programa e a despedida. Todo iso deberá aparecer no guiión final que terá que ser remitido ao técnico/a do programa.**

FOMENTAMOS...

**LIDERAR UN  
GRUPO**

**ESTRUTURAR  
OPINIÓNS**

**ESCOITAR  
ACTIVAMENTE**

# A NOVA

**-Nova: a información obxectiva, convén redundar. Está formada por:**

**+ Titular: frase que resuma a información**

**+ 1º Parágrafo (entradilla): responder ao que, ao quen, ao como dun xeito claro e conciso.**

**+ 2º Parágrafo: desenvolver a información; máis detalles e repetir doutro xeito o dito.**

**+ 3º Parágrafo (peche): facemos un resumo final da nova e completamos cun algún dato máis de interese para o/a ouvinte.**

## A REPORTAXE

**-Reportaxe: xénero que narra e describe feitos e accións de interese coa utilización de múltiples fontes.**

**+É un xénero flexible e creativo que permite empregar os catros elementos da linguaxe radiofónica: voz, música, silencio e efectos.**

**+A temática da reportaxe non ten que estar vencellada a actualidade.**

# A ENTREVISTA

**-Entrevista: xénero que permite descubrir unha temática a través da conversa.**

**+Obriga á procura de persoas que poidan responder axeitadamente para aportar información de valor.**

**+A presentación e a despedida da entrevista teñen que ser orixinais e creativas.**

## A CRÓNICA

**-Crónica: representación sonora da realidade na que o/a xornalista realiza a narración dende o lugar dos feitos (tamén hai crónicas feitas dende o estudo que, por exemplo, resumen feitos relevantes do día----> A crónica de Sastre en Hora 25).**

**+A crónica relata a actualidade a través do estilo persoal da persoa informadora.**

**+A crónica é un xénero para ser contado, non para ser lido.**

# EXPERIMENTA A RADIO

[WWW.LABORATORIODERADIO.COM](http://WWW.LABORATORIODERADIO.COM)

